

Artigo segundo. *Modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

Un. Dáselle unha nova redacción á letra b) do artigo 17.1, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Subordina-la súa aprobación á observancia de condicións que acheguen ó progreso económico e social unha contribución suficiente para compensar los efectos restrictivos sobre a competencia. Estas condicións poderán consistir, entre outras, na obriga de transmitir certos negocios ou activos ou na imposición de limitacións. No suposto de que a lexislación sectorial correspondente estableza algún tipo de limitación, o acordo do Consello de Ministros poderá autorizar-la súa modificación entrementes se executa e nos termos fixados nel.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo 3 do artigo 18 e engádese un parágrafo 4, pasando ámbolos parágrafos a teren o seguinte contido:

«3. O Servicio de Defensa da Competencia vixiará a execución e o cumprimento dos acordos adoptados polo Consello de Ministros en aplicación do artigo 17 para tal efecto e sen prexuízo da adopción doutras medidas de execución forzosa previstas no ordenamento, poderalle propor ó Goberno a imposición de multas coercitivas de ata 2.000.000 de pesetas, ou 12.020 euros, por cada día que transcorra sen executa-las obrigas que procedan en cumprimento do acordo.

4. Independentemente do previsto no número anterior, o incumprimento do ordenado en aplicación do artigo 17 poderá dar lugar á imposición polo Goberno a cada unha das empresas afectadas de multas de ata o 10 por 100 do seu respectivo volume de vendas en España, no exercicio en que se producise a operación de concentración.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

2424 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 3472/2000, do 29 de decembro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de amortización de elementos patrimoniais, provisión para insolvencias de entidades financeiras, colaboración externa na presentación e xestión de declaracións e imputación temporal de ingresos e gastos, así como do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de rendementos irregulares do traballo e prazo para a presentación de determinada declaración. («BOE» 30, do 3-2-2001.)*

Advertidos erros no texto do Real decreto 3472/2000, do 29 de decembro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de amortización de elementos patrimoniais, provisión para insolvencias de entidades financeiras, colaboración externa na presentación e xestión de declaracións e imputación temporal de ingresos e gastos, así como do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de rendementos irregulares do traballo e prazo para a presentación de determinada declaración, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento en galego, número 3, do 30 de xaneiro de 2001, procédese a efectuar-las oportunas modificacións:

Na páxina 294, primeira columna, cuarto parágrafo, terceira línea, onde di: «... entidades preceptoras de donativos...», debe dicir: «...entidades perceptoras de donativos...».

Na páxina 295, segunda columna, anexo, título da segunda columna da táboa, onde di: «Coeficiente lineal-máxima porcentaxe», debe dicir: «Coeficiente lineal máximo-Porcentaxe».